REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Día: 08.06.2018 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 8 de xuño de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

1.1 22787 (10/POC-003761)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 8 máis
Sobre a situación actual das obras de rehabilitación do edificio do antigo Hospital Xeral para a nova sede da Cidade da Xustiza de Vigo, o investimento previsto para ese fin e a data estimada para a súa entrada en funcionamento, así como os datos ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 242, do 18.01.2018

1.2 22921 (10/POC-003774)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 6 máis
Sobre os beneficios, as vantaxes e o funcionamento do sistema de consulta pública previa como mecanismo de información e de transparencia da Administración galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 246, do 24.01.2018

1.3 28540 (10/POC-004584)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da existencia en Galicia desde marzo de 2015 dunha soa petición de intervención da Unidade de Apoio para Causas de Corrupción, así como as súas previsións en relación coa demanda ao Goberno central dunha fiscalía contra a corrupción e a criminalidade organizada para a Comunidade Autónoma
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 287, do 04.04.2018

1.4 28741 (10/POC-004612)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación na que se atopan o Centro de Menores Avelino Montero, de Pontevedra, e os menores usuarios do centro como consecuencia das deficiencias existentes nas súas instalacións e a carencia do persoal necesario, así como as súas razóns para reducir a tres os seus vixilantes de seguridade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 289, do 11.04.2018

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 297, do 26.04.2018

1.5 30075 (10/POC-004787)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 22 de setembro de 2017 referido á demanda ao Goberno central da regulación da relación comercial entre as empresas editoras, as empresas distribuidoras e os vendedores de prensa escrita e revistas co fin de evitar o abuso de posicións de dominio e prácticas monopolistas no sector
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 300, do 04.05.2018

1.6 30863 (10/POC-004883)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da creación polo tenente alcalde de Vilanova de Arousa dunha empresa cun magnate de Rusia para exportar produtos a ese país tralos contactos mantidos por este con ese Concello e coa Mancomunidade do Salnés, así como as medidas previstas para evitar este tipo de casos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 21670 (10/PNC-001775)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre o apoio e solidariedade co pobo palestino
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 234, do 29.12.2017

2.2 29026 (10/PNC-002299)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis
Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para a creación da Oficina Independente de Supervisión da Contratación do Sector Público Autonómico, que debe remitir ao Parlamento de Galicia un informe anual de actuacións para o seu debate na Comisión parlamentaria de Relacións co Consello de Contas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 293, do 18.04.2018

2.3 31188 (10/PNC-002517)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa execución da liña orzamentaria 4536, grupo III (técnico especialista en

PARLAMENTO
DE GALICIA

informática), do programa de gasto 571A
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 312, do 30.05.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2018

César Manuel Fernández Gil
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

César Manuel Fernández Gil	P

Vicepresidenta

María Julia Rodríguez Barreira	P

Secretaria

Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Isabel Novo Fariña	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	EM

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 08.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 08.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 22787(10/POC-003761)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre a situación actual das obras de rehabilitación do edificio do antigo Hospital Xeral para a nova sede da Cidade da Xustiza de Vigo, o investimento previsto para ese fin e a data estimada para a súa entrada en funcionamento, así como os datos ao respecto

Publicación da iniciativa, 242, 18.01.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2018 13:26
Nº Rexistro: 22787
Data envio: 11/01/2018 13:26:28.530

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Marián García Míguez, Teresa Egerique Mosquera, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago e Julia Rodríguez Barreira, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

As necesidades presentes e de futuro de infraestruturas xudiciais da cidade de Vigo motivaron a inclusión no Plan de Infraestruturas Xudiciais da construción dun terceiro edificio xudicial que conformase a súa Cidade da Xustiza.

A pesar de que a Xunta de Galicia procedese desde o ano 2010 a consignar en varias anualidades o correspondente orzamento para o inicio deste edificio, o Concello de Vigo non puxo a disposición da Xunta os terreos anexos aos edificios xudiciais da Rúa Lalín, que permitiran a súa edificación. Ante esta situación a Xunta de Galicia decidiu cambiar o proxecto e proceder a rehabilitar o antigo edificio do Hospital Xeral como nova sede da Cidade da Xustiza de Vigo.

En execución dos compromisos adquiridos pola Xunta de Galicia, procedeuse no ano 2016 á adxudicación do proxecto para a rehabilitación do antigo Hospital Xeral como Cidade da Xustiza de Vigo.

Por todo exposto, os deputados e deputadas abaixo asinantes, presenta a seguintes **Preguntas Orais en Comisión:**

1. En que situación se atopan na actualidade as obras para a rehabilitación do edificio que conformará a Cidade da Xustiza de Vigo?
2. Cal é a previsión de investimento para a rehabilitación do antigo Hospital Xeral como Cidade da Xustiza de Vigo?
3. Cando previsiblemente podería entrar en funcionamento?
4. Que superficie suporá para servizos xudiciais e cantos traballadores e traballadoras se trasladarán a este edificio?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2018.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2018 13:26
Nº Rexistro: 22787
Data envio: 11/01/2018 13:26:28.530

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 11/01/2018 13:23:06

María Ángeles Garcia Míguez na data 11/01/2018 13:23:20

Teresa Egerique Mosquera na data 11/01/2018 13:23:28

César Manuel Fernández Gil na data 11/01/2018 13:23:46

Jacobo Moreira Ferro na data 11/01/2018 13:24:19

María Isabel Novo Fariña na data 11/01/2018 13:24:37

Antonio Mouriño Villar na data 11/01/2018 13:25:04

Alberto Pazos Couñago na data 11/01/2018 13:25:31

María Julia Rodriguez Barreira na data 11/01/2018 13:25:45

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 08.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 22921(10/POC-003774)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre os beneficios, as vantaxes e o funcionamento do sistema de consulta pública previa como mecanismo de información e de transparencia da Administración galega

Publicación da iniciativa, 246, 24.01.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2018 11:50
Nº Rexistro: 22921
Data envio: 12/01/2018 11:50:47.053

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, Julia Rodríguez Barreira e **Jacobo Moreira Ferro**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Na pasada lexislatura o PPdG impulsou un ambicioso paquete de textos legais que supuxeron un importante avance no ámbito da transparencia e da participación cidadá. Así, a nova lexislación en materia de participación cidadá no Parlamento ou de transparencia e bo goberno, impulsada por Xunta e Grupo Popular, facilitaron o coñecemento por parte da poboación das iniciativas normativas en trámite, favorecendo as súas posibilidades de participación tanto na fase administrativa (a través do recentemente creado Portal de Transparencia) como na fase parlamentaria no caso das leis (a través do portal Lexisla con Nós).

Igualmente, en aplicación do principio de transparencia e participación activa da cidadanía, o goberno galego puxo en marcha recentemente, a instancias deste Parlamento, un novo trámite de consulta pública previa co obxecto de fomentar a participación da cidadanía e das organización e asociacións no proceso de elaboración normativa con carácter previo á elaboración por parte da administración do primeiros textos articulados. É dicir, abrindo unha nova oportunidade de participación política para a cidadanía galega.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

-Cales son os beneficios, vantaxes e funcionamento do sistema de consulta pública previa como mecanismo de información e de transparencia na actividade da Administración galega?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 12/01/2018 11:48:18

María Isabel Novo Fariña na data 12/01/2018 11:48:33

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2018 11:50
Nº Rexistro: 22921
Data envio: 12/01/2018 11:50:47.053

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

César Manuel Fernández Gil na data 12/01/2018 11:48:53

Antonio Mouriño Villar na data 12/01/2018 11:49:03

Alberto Pazos Couñago na data 12/01/2018 11:49:14

María Julia Rodriguez Barreira na data 12/01/2018 11:49:28

Jacobo Moreira Ferro na data 12/01/2018 11:49:38

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 08.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 28540(10/POC-004584)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da existencia en Galicia desde marzo de 2015 dunha soa petición de intervención da Unidade de Apoio para Causas de Corrupción, así como as súas previsións en relación coa demanda ao Goberno central dunha fiscalía contra a corrupción e a criminalidade organizada para a Comunidade Autónoma

Publicación da iniciativa, 287, 04.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2018 10:04
Nº Rexistro: 28540
Data envio: 28/03/2018 10:04:15.244

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

En España, un total de 58 órganos xudiciais solicitaron, dende marzo de 2015, a intervención da "Unidade de Apoio para Causas por Corrupción" (UACC), unidade que existe para detectar e solucionar os problemas en órganos que se encargan de procedementos relacionados con delitos de defraudacións, insolvencias punibles, relativos á propiedade intelectual, corrupción, societarios, branqueo de capitais, contra a Facenda Pública e a Seguridade Social, de prevaricación, suborno, tráfico de influenzas ou malversación de caudais públicos, entre outros.

Segundo datos do Consello Xeral do Poder Xudicial, Galicia foi unha das comunidades autónomas con menos peticións, en concreto, só houbo 1 en 3 anos. Estas peticións concrétanse en medidas como o nomeamento de maxistrados ou cadro de persoal funcionarial de reforzo e fanse para cubrir o grande volume das causas, a duración das sesións da vista oral e o tempo preciso para a redacción das sentenzas. Quizais, dada a escaseza de persoal xudicial en xeral e a cantidade a asuntos relativos á corrupción que aínda están sen resolver na nosa Comunidade Autónoma, fose preciso pedir algunha unidade máis.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é e opinión do Goberno da Xunta de Galicia sobre que en Galicia só houbese unha petición de intervención da "Unidade de Apoio para Causas por Corrupción" dende marzo de 2015 ata o día de hoxe?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2018 10:04
Nº Rexistro: 28540
Data envio: 28/03/2018 10:04:15.244

2. Segundo os datos que se manexan respecto de delitos relacionados coa corrupción, entende o Goberno que serían necesarias máis?
3. Vai demandar o Goberno ao Goberno do Estado unha Fiscalía contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada para Galicia?

Pazo do Parlamento, 27 de marzo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/03/2018 09:44:33

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/03/2018 09:44:40

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/03/2018 09:44:44

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 08.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 28741(10/POC-004612)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación na que se atopan o Centro de Menores Avelino Montero, de Pontevedra, e os menores usuarios do centro como consecuencia das deficiencias existentes nas súas instalacións e a carencia do persoal necesario, así como as súas razóns para reducir a tres os seus vixilantes de seguridade

Publicación da iniciativa, 289, 11.04.2018

Publicación da iniciativa, 297, 26.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 28741
Data envio: 03/04/2018 16:11:26.196

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez e **Julio Torrado Quintela,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O ano 2007 caracterizouse pola entrada en vigor da lei que reformaba a Lei de responsabilidade penal dos menores 5/2000, do 12 de xaneiro.

Coas estas dúas normas, os centros de execución de medidas xudiciais de internamento (en réxime pechado ou semipechado) ofrecen un contexto educativo favorecedor da inserción social e familiar do menor maior de 14 anos, tendo entre os seus obxectivos o desenvolvemento da súa autonomía integral e a reinserción social, pero sempre coa fin de cumprir unha sentenza de condena. A execución destas medidas é competencia da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. E, aínda que en 2015, os xulgados galegos incoaron máis de 2500 expedientes de reforma menos que en 2010, segundo a Memoria da Fiscalía Superior de Galicia do ano 2015, as condenas por todo tipo de delitos graves contra as persoas téñense incrementado case no dobre en menores.

O “Avelino Montero” é un dos centros galegos onde se executan estas medidas; trátase dunha construción de mediados dos anos 80. Hai escasamente unha semana, o Comité de Empresa de Pontevedra da Consellería de Traballo e Benestar comunicaba ás persoas responsables desta consellería o desleixo máis absoluto e por anos respecto dos menores usuarios deste centro. Así, o estado calamitoso do centro en xeral, as deficiencias nas instalacións e a falla de persoal inciden directamente no posible fracaso das medidas impostas e só o grande labor dos profesionais acada impedilo.

Como exemplos deste desleixo: hai un baño sen parte das lousas do chan dende hai uns 4 meses; as fiestras que se mudaran hai pouco xa presentan problemas; o tufo a cano é tremendo en todo o centro; a condensación está xeneralizada; non hai auxiliares, médico, asistente

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 28741
Data envio: 03/04/2018 16:11:26.196

social nin enfermeiro (só un psicólogo e unha mestra) e hai previsión pola Consellería de Política Social de reducir de 4 a 3 os vixiantes de seguridade (cando 4 é o número ideal para poder facer fronte ao control de acceso, aos 2 módulos e ás visitas ou outras xestións), segundo prego da propia consellería de 14 de decembro de 2017.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten o Goberno galego a intención de privatizar todos os centros do sistema de reforma de menores da Comunidade Autónoma?
2. Se a resposta anterior é positiva, entende o Goberno galego que o sistema actual (con 2 centros públicos e o resto privados e con centros de apoio privados tamén) non é o idóneo?
3. Ten coñecemento o Goberno da situación na que se atopa o Centro de Reforma de Menores "Avelino Montero" de Pontevedra?
4. Coñece o Goberno cal é a situación real dos menores usuarios do centro?
5. Coñece o Goberno a situación das infraestruturas deste centro?
6. Cal é a opinión do Goberno respecto de que neste centro non haxa DUES, médico, asistente social nin enfermeiro?
7. Por que o Goberno ten a intención de reducir de 4 a 3 os vixiantes de seguridade, segundo reza o prego da Consellería de Política Social, de 14 de decembro de 2017?

Pazo do Parlamento, 2 de abril de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 28741
Data envio: 03/04/2018 16:11:26.196

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/04/2018 13:41:05

María Luisa Pierres López na data 03/04/2018 13:41:11

Noela Blanco Rodríguez na data 03/04/2018 13:41:16

Julio Torrado Quintela na data 03/04/2018 13:41:21

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 08.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 30075(10/POC-004787)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 22 de setembro de 2017 referido á demanda ao Goberno central da regulación da relación comercial entre as empresas editoras, as empresas distribuidoras e os vendedores de prensa escrita e revistas co fin de evitar o abuso de posicións de dominio e prácticas monopolistas no sector

Publicación da iniciativa, 300, 04.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 12:30
Nº Rexistro: 30075
Data envio: 26/04/2018 12:30:01.690

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O pasado 22 de setembro de 2017, a comisión 1ª do parlamento de Galiza aprobou ppor unanimidade unha proposición non de lei presentada polo BNG que tiña como obxectivo mudar a relación comercial entre distribuidoras e quiosco para poñer fin á conflitividade provocada polo abuso de prácticas monopolistas no sector.

Na citada iniciativa recollíase a necesidade de aprobar un novo marco regulador que evite a indefensión da parte mais feble da cadea, os puntos de venda de publicacións periódicas:

A distribución de prensa implica fundamentalmente a tres operadores: as empresas editoriais, as empresas de distribución e o tecido comercial. Salienta neste último a importancia do sector dos vendedores e vendedoras de prensa e quiosques. En Galiza hai arestora 2.600 puntos de venda de prensa. Porén, este sector padece desde hai anos as consecuencias dun modelo de distribución desregulado de feito, e no que se producen prácticas obxectivamente monopolistas por parte das empresas distribuidoras. Unha situación que compromete a viabilidade económica do sector e que produce que cada ano se fechen un promedio de 100 quiosques no noso país.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 12:30
Nº Rexistro: 30075
Data envio: 26/04/2018 12:30:01.690

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O conflito entre puntos de venda e industria distribuidora de prensa ten causa en que a súa relación comercial está marcada por unha dinámica de dominación por parte das grandes empresas distribuidoras.

Este ámbito carece de regulación efectiva, dado que a Orde Ministerial de 22 de abril de 1972 fica tacitamente derrogada, tanto pola entrada en vigor da Constitución española de 1978, como por un informe da estatal Dirección Xeral de Traballo de 1980. A ausencia dun marco regulador efectivo é tamén reiteradamente recollida nas resolucións do Tribunal de Defensa da Competencia. Unha carencia que permite que as empresas editoras, e de maneira especial as distribuidoras, poidan exercer abuso da súa posición de dominio no sector, en prexuízo dos intereses dos e das vendedoras de prensa.

Un abuso de posición de dominio, que constitúe na práctica un monopolio privado, que se materializa na moi frecuente ausencia de contrato entre a industria distribuidora e os puntos de venda, sometendo esta relación comercial á imposición de modificacións arbitrarias que teñen de ser aceptadas forzosamente polos vendedores e vendedoras baixo a ameaza de lles cortar o subministro. Outra das características máis graves do vixente modelo é a imposición de fianzas abusivas para iniciar a relación comercial coas distribuidoras. Engádese tamén a mudanza, unilateral, dos prazos de devolución dos exemplares non vendido, a non atención das incidencias e reclamacións ou a utilización tácita dos puntos de venda como almacéns ao servizo das distribuidoras. Un dos elementos que definen con claridade a asimetría nesta relación comercial, entre distribuidor e vendedor, é que sexa os últimos quen teñan de asumir os custes de transporte dos produtos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 12:30
Nº Rexistro: 30075
Data envio: 26/04/2018 12:30:01.690

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O feito de que as empresas distribuidoras operen en base á exclusividade, tanto no que atinxe ás publicacións que distribúen como ao ámbito territorial, impide que os puntos de venda poidan optar por outra empresa, definindo unha clara situación de monopolio privado.

Por parte dos e das vendedoras de prensa tense reclamado de maneira reiterada que desde o ámbito lexislativo se actúe para definir un marco regulador para o sector.

Na citada Comisión aprobouse o seguinte acordo:

"O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a que demande do goberno do estado a regulación da relación comercial entre empresas editoras, empresas distribuidoras e vendedores/as de prensa escrita e revistas, atendendo as súas particularidades, co obxectivo de resolver a situación descrita anteriormente, poñendo fin á conflitividade derivada do abuso de posicións de dominio e prácticas de tipo monopolista que se producen no sector".

Trascorridos máis de 8 meses desde a aprobación desta iniciativa, non temos coñecemento das xestións realizadas pola Xunta de Galiza para facela efectiva. Cómpre sinalar a este respecto, que o informe anual sobre o grao de cumprimento dos acordos aprobados polo Parlamento da X lexislatura é un documento xenérico e estatístico que non achega información detallada sobre o cumprimento dos acordos.

Polo anteriormente exposto formúlse a seguinte pregunta para resposta oral en comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 12:30
Nº Rexistro: 30075
Data envio: 26/04/2018 12:30:01.690

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que xestións realizou o goberno galego para efectivizar o cumprimento do citado acordo parlamentario?

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/04/2018 12:28:13

María Montserrat Prado Cores na data 26/04/2018 12:28:17

Ana Pontón Mondelo na data 26/04/2018 12:28:19

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/04/2018 12:28:21

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 12:30
Nº Rexistro: 30075
Data envio: 26/04/2018 12:30:01.690

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 26/04/2018 12:28:22

Noa Presas Bergantiños na data 26/04/2018 12:28:24

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 08.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 30863(10/POC-004883)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da creación polo tenente alcalde de Vilanova de Arousa dunha empresa cun magnate de Rusia para exportar produtos a ese país tralos contactos mantidos por este con ese Concello e coa Mancomunidade do Salnés, así como as medidas previstas para evitar este tipo de casos

Publicación da iniciativa, 309, 23.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2018 12:55
Nº Rexistro: 30863
Data envio: 11/05/2018 12:55:45.373

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e **Luís Villares Naveira,** deputada e deputado do **Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª**

O sector turístico representa un dos eixos claves para o desenvolvemento económico de Galicia. Todas as administracións públicas galegas con competencias na materia deben promover e potenciar a chegada de novos visitantes, tanto nacionais como internacionais, á nosa terra. Esta promoción e potenciación, sen embargo, pode ser usada en algunhas ocasións por determinados actores políticos para procurar intereses privados. Un caso desta natureza foi destapado recentemente no Concello de Vilanova de Arousa e na Mancomunidade do Salnés.

En setembro do ano 2014, unha delegación rusa en representación de Lukx Marbella visitou a Illa de a Toxa. Lukx Marbella é un Club Social con sede en dita cidade andaluza e que serve de encontro para residentes e turistas rusos en España. Durante esta estancia na illa meca, os representantes rusos entraron en contacto co xerente da Mancomunidade do Salnés, ente presidido polo alcalde de Vilanova de Arousa, Gonzalo Durán. Nesta reunión, as dúas partes mostraron interese en potenciar O Salnés como un novo destino turístico para o mercado ruso.

Pouco tempo despois, a Mancomunidade xa era un patrocinador habitual dos eventos de Lukx Marbella. Estos eventos teñen un cariz solidario, pero tamén significan unha oportunidade para coñecer ás personalidades rusas máis influintes da cidade andaluza e de todo o Estado. Precisamente, na gala de nadal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2018 12:55
Nº Rexistro: 30863
Data envio: 11/05/2018 12:55:45.373

deste Club Social do ano 2014, a Mancomunidade do Salnés patrocinou un premio co título de "*Liderazgo e desenvolvemento político-económico entre Rusia e España"*. Este galardón recaeu na figura de un importante empresario ruso e representante do Partido Liberal Democrático de Rusia en España. Debemos resaltar, que un ano antes da entrega deste premio, esta mesma persoa estableceu contactos co Partido Popular andaluz para favorecer a inversión rusa en España, pedindo como contrapartida que se cambiaran certas normativas legais, como por exemplo aquelas destinadas a facilitar as licencias e documentación para a construción.

En febreiro do ano pasado, este empresario con outros compañeiros rusos percorreron o Camiño de Santiago, sendo unha das súas paradas o Concello de Vilanova de Arousa. Nese momento foron recibidos polo alcalde Gonzalo Durán e a súa man dereita, o Tenente de Alcaldía Javier Tourís. Todo quedaría nunha visita rutinaria de un "vello amigo", se non fora porque dous meses despois o empresario ruso e Javier Tourís crearon unha empresa denominada FISH HOME GALICIA SL que ten como obxectivo a exportación de produtos galegos a Rusia.

Polo exposto, a deputada e o deputado que subscriben formulan á Xunta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral na **Comisión 1ª**:

- Considera normal que o Tenente de Alcaldía de Vilanova de Arousa Javier Tourís cree unha empresa con un magnate ruso para exportar produtos a Rusia, despois das relacións previas entre este último co Concello de Vilanova de Arousa e a Mancomunidade do Salnés?
- Cree que o Tenente de Alcaldía Javier Tourís debería presentar a súa dimisión?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2018 12:55
Nº Rexistro: 30863
Data envio: 11/05/2018 12:55:45.373

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- Que medidas ten pensado adoptar a Xunta para evitar casos como este?

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 11/05/2018 12:54:52

Luis Villares Naveira na data 11/05/2018 12:54:57

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 08.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 08.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 21670(10/PNC-001775)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o apoio e solidariedade co pobo palestino

Publicación da iniciativa, 234, 29.12.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2017 11:31
Nº Rexistro: 21670
Data envio: 20/12/2017 11:31:52.878

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á defensa dos dereito do pobo palestino e ao remate do xenocidio que se está a practicar sobre o mesmo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Xerusalén é a capital histórica de Palestina, símbolo para o pobo palestino e para moitos dos países árabes. A decisión anunciada polo presidente dos Estados Unidos, Donal Trump de trasladar a súa embaixada en Israel de Tel Aviv a Xerusalén, é de enorme gravidade, toda unha provocación.

Con esta decisión Estados Unidos convértese no único país no mundo que recoñece a Xerusalén como capital de Israel, violando o dereito internacional e pasando por enriba de innumerábeis resolucións da ONU. Ningún país do mundo ten a súa embaixada na cidade, desde a resolución 478 que explicitamente determinou a saída das misións diplomáticas da cidade, tras a anexión ilegal da parte oriental da cidade por parte de Israel.

Esta decisión é acorde coa complicidade dos Estados Unidos coa política de Israel de continuo acoso á poboación civil, de creación de asentamentos de poboación israelí en territorios palestinos, de destrución planificada de vivendas de poboación palestina até deixar ás familias sen nada e mesmo o asasinato sistemático de civís

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2017 11:31
Nº Rexistro: 21670
Data envio: 20/12/2017 11:31:52.878

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

inocentes ante a pasividade dunha comunidade internacional que tapa os ollos diante deste auténtico xenocidio.

Israel non pode ser un estado por enriba da lei, e a comunidade internacional non pode mirar para outro lado mentres este non respecta as leis internacionais, os principios democráticos nin os dereitos do pobo palestino.

A situación fai precisa a implicación do Parlamento Galego na esixencia de rectificación por parte da Administración norte-americana e na defensa dis dereitos do pobo palestino, e por esa razón presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

"O Parlamento de Galiza acorda:

-Amosar o seu apoio e solidariedade co pobo palestino.

-Rexeitar a decisión de Estados Unidos de recoñecemento de Xerusalén como capital de Israel.

-Defender o dereito do pobo palestino a constituír o seu Estado propio sen inxerencias estranxeiras, nas fronteiras anteriores a 1967, con capital en Xerusalén.

-Esixir a retirada do exército Israelí dos territorios palestinos ocupados, o remate do bloqueo, o retorno d@s refuxiad@s aos seus fogares d@s que foron expulsad@s.

-Demandar o cumprimento da Resolución 194 das Nacións Unidas e a efectivización de inmediato do dereito ao retorno das persoas e comunidades ás terras e casas de que foron expulsadas ao longo de décadas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2017 11:31
Nº Rexistro: 21670
Data envio: 20/12/2017 11:31:52.878

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que se dirixa ao Goberno español para que por parte deste se proceda a ter unha actuación contundente nas institucións internacionais nas que está presente, nomeadamente a UE e as Nacións Unidas para:

Demandar a rectificación de Estados Unidos no recoñecemento de Xerusalén como capital de Israel.

Esixir o cumprimento dos acordos internacionais e das resolucións das Nacións Unidas para rematar coa actual situación garantindo o exercicio do dereito de autodeterminación do pobo palestino."

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2017 11:31
Nº Rexistro: 21670
Data envio: 20/12/2017 11:31:52.878

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 20/12/2017 11:30:59

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/12/2017 11:31:06

Olalla Rodil Fernández na data 20/12/2017 11:31:08

Noa Presas Bergantiños na data 20/12/2017 11:31:10

Xosé Luis Bará Torres na data 20/12/2017 11:31:11

Ana Pontón Mondelo na data 20/12/2017 11:31:18

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 08.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 29026(10/PNC-002299)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para a creación da Oficina Independente de Supervisión da Contratación do Sector Público Autonómico, que debe remitir ao Parlamento de Galicia un informe anual de actuacións para o seu debate na Comisión parlamentaria de Relacións co Consello de Contas

Publicación da iniciativa, 293, 18.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 11:45
Nº Rexistro: 29026
Data envio: 09/04/2018 11:45:46.892

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

O pasado mes de marzo entrou en vigor a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen o ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

No marco da "Estratexia Europa 2020" a contratación pública desenvolve un papel clave, posto que, tal e como recolle a exposición de motivos da Lei 9/2017, se configura como un dos instrumentos baseados no mercado interior que deben de ser utilizados para acadar un crecemento intelixente, sostible e integrador, garantindo ao mesmo tempo un uso con maior racionalidade económica dos fondos públicos e, engadimos, suxeito a un completo marco de medidas de loita contra a corrupción e a fraude. Porque como tamén recoñece a Unión Europea, a contratación pública debe incrementar a súa eficiencia no gasto público, mais facilitando a participación das pequenas e medianas empresas (Pemes) e permitindo aos poderes adxudicadores empregar a contratación pública en apoio de obxectivos sociais comúns.

Ademais de acadar unha mellor relación calidade-prezo, esta nova lei ten como obxectivo principal lograr unha maior transparencia na contratación pública.

Lembremos que a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) calculaba que o sobrecusto causado por malas prácticas "anticompetencia" ascende a 40.000 millóns de euros ao ano, un 4,5 % do PIB, porcentaxe que superaba incluso a previsión de déficit comprometida por España con Bruxelas para 2015 (4,2 %). Este dato significaría que España podería resolver en moi gran medida os desequilibrios orzamentarios que sangran as contas públicas e que tanto deterioro teñen producido nos servizos públicos de benestar. A CNMC valora nun 15 % o peso da contratación pública sobre o PIB.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 11:45
Nº Rexistro: 29026
Data envio: 09/04/2018 11:45:46.892

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia vén insistindo a través das diferentes iniciativas presentadas nesta lexislatura que en materia de contratación pública cómpre avanzar con máis decisión na adopción de medidas técnicas e legais que, máis alá da necesaria transparencia e regulación de procesos e criterios, loiten e evitan sistemas de fraude nas compras públicas autonómicas.

No Libro IV da nova Lei de contratos do sector público establécese un novo esquema de gobernanza para o control das obrigas comunitarias na materia e combater as irregularidades na súa aplicación. Neste esquema habilítase ás comunidades autónomas para a creación da Oficina de Supervisión da Contratación, con plena independencia orgánica e funcional, que debe de render contas anualmente perante as cámaras lexislativas e os órganos de control externo. Esta oficina debe de coordinar a supervisión da contratación pública polos poderes adxudicadores do conxunto do noso sector público autonómico, podendo dar traslado á Fiscalía ou órganos xudiciais ou administrativos competentes dos feitos dos que teña coñecemento e que poidan ser constitutivos de delito ou infracción.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a adoptar as medidas necesarias para crear a Oficina Independente de Supervisión da Contratación do Sector Público Autonómico, que remitirá ao Parlamento un informe anual de actuacións para o seu debate na Comisión parlamentaria de Relacións co Consello de Contas.

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 11:45
Nº Rexistro: 29026
Data envio: 09/04/2018 11:45:46.892

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 09/04/2018 11:07:06

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/04/2018 11:07:20

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/04/2018 11:07:36

Abel Fermín Losada Álvarez na data 09/04/2018 11:07:41

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/04/2018 11:08:04

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 08.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 31188(10/PNC-002517)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa execución da liña orzamentaria 4536, grupo III (técnico especialista en informática), do programa de gasto 571A

Publicación da iniciativa, 312, 30.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2018 17:16
Nº Rexistro: 31188
Data envio: 21/05/2018 17:16:40.714

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas e deputado **Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao** e **Carmen Santos Queiruga,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1.ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Xunta de Galicia traballa persoal informático. Este persoal divídese en persoal funcionario e persoal laboral. De entre este último poden existir varios tipos: persoal laboral temporal e laboral indefinido non fixo, laboral fixo. Todos eles teñen un denominador común son persoal informático, pero con diferentes retribucións segundo a sorte do día.

Mediante acordo do Consello da Xunta do ano 1993, que se aplicou a persoal laboral fixo, interino, funcionario, laboral temporal e laboral indefinido non fixo equiparouse o salario do persoal laboral temporal informático dos 20 coordinadores de infocentros co persoal funcionario. Na teoría, porque na práctica deles só 10 persoas teñen recoñecida unha retribución que se cualifica nalgunhas nóminas como "pendente plus de convenio".

Dito acordo pretendía homologar a percepción salarial dos diferentes grupos existente entre persoal laboral e persoal funcionario e que, en realidade, realizaban as mesmas funcións en diferentes consellerías.

No ano 2007 as categorías de persoal laboral temporal e laboral indefinido non fixo obtiveron o recoñecemento dunha equiparación que xa se producira nalgúns casos pola vía xudicial, e consolidaron os postos de traballo a través da Disposición Transitoria Décima do V Convenio Colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2018 17:16
Nº Rexistro: 31188
Data envio: 21/05/2018 17:16:40.714

Desde o ano 2012 todo o persoal informático refundiuse nunha única axencia: a AMTEGA, Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia, que fai diferenzas salariais entre este persoal informático que realiza as mesmas funcións e que mesmo entraron no mesmo ano e día a traballar, dando situacións dispares e causando desigualdades co agravante de que no caso do colectivo de infocentros teñan recollida esta condición nos sucesivos orzamentos e este non chegue ao seu destino por non execución do mesmo.

Este acordo non se executou, polo que as previsións de non discriminación son evidentes pois unhas persoas cobran os complementos e outras non, 10 delas si e outras 10 non, inda que na liña orzamentaria 4536, no programa de gasto 571A chamado fomento da sociedade da información e do coñecemento, si que está presupostado e non hai unha execución real do gasto para as 20 persoas que se recollen. Desde o ano 2013 recóllese como liña 4536 Grupo III (técnico especialista informática, no grupo 3.)

Nela recóllese un complemento presupostado para os diferentes exercicios para as 20 persoas e que só se abona a 10 delas, é dicir do total presupostado como complementos 118.118,40 euros no ano 2017 (no que se engloban 3 complementos diferentes: un por funcións, un específico e a equiparación salarial a razón de 3195,17 euros por posto) a razón de 3.195 euros ao ano por cada persoa. 10 persoas non perciben este complemento de 3195 euros anuais o que supón unha importante mingua no seu patrimonio como unha discriminación salarial brutal en comparación cas outras persoas que si o perciben e mesmo o gañaron a través de sentencias xudiciais.

Por todo o exposto, este Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI** para o seu debate na Comisión 1.ª :

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2018 17:16
Nº Rexistro: 31188
Data envio: 21/05/2018 17:16:40.714

GRUPO PARLAMENTAR en marea

1.- Executar a previsión orzamentaria da liña 4536 equiparando no salario, de facto, as 20 persoas para as que está prevista a liña orzamentaria, e nomeadamente o complemento correspondente á equiparación salarial.

2.- Aboar os atrasos correspondentes dese complemento, e desa liña presupostada que non foi executada en ningún dos exercicios anteriores.

3.- Absterse de discriminar salarialmente a persoas que fan o mesmo traballo e mesmas funcións, no mesmo grupo e categoría profesional."

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao, Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga Voceiro do G.P. de En Marea.

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 21/05/2018 17:14:44

Paula Vázquez Verao na data 21/05/2018 17:14:50

Carmen Santos Queiruga na data 21/05/2018 17:14:55